



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

EXPEDIENTE 2026/G010/000003. PLENO SESIÓN ORDINARIA 24 DE FEBREIRO DE 2026.

ACTA Nº 2026/3

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro

Data: martes 24 de febreiro de 2026

Hora de comezo: 21.00 horas

Hora de remate: 21.31 horas

PRESIDE:

JESUS JOSE REBOREDO GONZALEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)

REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO

ALFREDO SOUTO CASTELO

ISOLINA SUAREZ MILLAN

MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)

ROBERTO CASTRO ROCAMONDE

JOSE LUIS RAMOS BARREIRO

EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)

JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)

XOÁN ANTÓN LOUZA RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito

DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026. Ratificación Decreto núm. 459/2025 de 26.12.2025 e Decreto núm. 52/2026 de 18.02.2026.

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2026/G006/000037. Decretos da Alcaldía ditados entre o 12 de xaneiro e o 18 de febreiro de 2026. Toma de razón.

3 Mocións.

3.1. Moción Grupo Municipal BNG para reclamar que se garanta un financiamento xusto e un modelo público do servizo de axuda no fogar (SAF).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

4 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2025/A008/000058. ORDE DO 14 DE NOVEMBRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS DAS AXUDAS E SUBVENCÍONS PARA OS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, E SE CONVOCAN PARA O ANO 2026. RATIFICACIÓN DECRETO NÚM. 459/2025 DE 26.12.2025 E DECRETO NÚM. 52/2026 DE 18.02.2026.

Por parte do Sr. Alcalde deuse explicación sobre as dúas Resolucións de Alcaldía relativas á solicitude de subvención pra un Obradoiro de Emprego xunto cos concellos de Boimorto e o Pino. As resoluciónn que constan no expediente son as seguintes:

DECRETO NÚM. 459/2025 DE 26.12.2025.

EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). Solicitude de subvención.

ANTECEDENTES

Orde da Consellería e Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG núm. 228 de 25 de novembro de 2025).

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

- *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño)*
- *Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro)*
- *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo)*
- *Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG núm. 228 de 25 de novembro de 2025).*

Con dita finalidade establécese no artigo 1 da citada Ordeo obxecto e finalidade do seguinte xeito:

Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), concibidos como programas de formación, práctica profesional e para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas experienciais de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.

O artigo 3 establece:

Os proxectos de obradoiros duais de emprego poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este.

Poderán concorrer agrupacións de concellos, sempre que todos eles pertenczan á mesma provincia, nos seguintes casos:



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

- Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua.
- Concellos que pertencen todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si
- Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo á mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertence a ela.

Visto a Memoria valorada redactado ao efecto, baixo a denominación “OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TOURO, BOIMORTO E O PINO”, a realizar conxuntamente entre os concellos de Touro, Boimorto e O Pino.

Polo anteriormente exposto **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, conxuntamente cos concellos de Boimorto e O Pino, a concesión dunha subvención para a posta en funcionamento dun OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TOURO – BOIMORTO - O PINO aos efectos do seu financiamento: gastos de contratación de persoal directivo, docente e administrativo; gastos de contratación de alumnado e outros gastos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto, coa seguinte especialidade:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	DURACIÓN (MESES)	Nº ALUMNOS-TRABALLADORES
ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES	AGAR0309	9	20

SEGUNDO. Como consecuencia do anterior punto e aos efectos da tramitación do mesmo, aprobar a memoria valorada “Obradoiro dual de emprego Touro- Boimorto- O Pino” que obra no expediente e o borrador do convenio que articula a actuación conxunta, documento que será formalizado e asinado, no seu momento, polos representantes legais dos anteditos Concellos.

TERCEIRO. O Concello de Touro é o concello promotor e titular da subvención para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto na realización do proxecto “Obradoiro dual de emprego Touro- Boimorto- O Pino”, nos termos e de conformidade ao disposto no citado borrador de convenio.

CUARTO. Aprobar as actuacións a realizar no Concello de Touro, consistente en:

PARCELA CATASTRAL 15086B51300142000QP :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Realización de cabas do arboredo existente
- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

PARCELA CATASTRAL 15086A517006350000UI :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Realización de cabas do arboredo existente
- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

PARCELA CATASTRAL 15086A517005430000UE :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

QUINTO. Declarar a titularidade municipal e a plena dispoñibilidade dos bens para a execución das citadas actuacións.

SEXTO. Comprometerse o Concello de Touro, a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o programa (que non sexa subvencionado pola Consellería) en canto aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe nos presupostos da entidade polo importe que non cubra o programa.

SÉTIMO. Proceder a ratificación por parte do Pleno da aceptación das competencias delegadas polos Concellos de Boimorto e O Pino ao abeiro do referido na presente Resolución.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor

DECRETO NÚM. 52/2026 DE 18.02.2026.

EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). Solicitud de subvención.

ANTECEDENTES

- Orde da Consellería e Emprego, Comercio e Emigración do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG núm. 228 de 25 de novembro de 2025).

- Decreto de alcaldía 459/2025 de 26 de decembro de 2025.

- Requirimento realizado pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño)
- Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro)
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (BOE núm. 276, do 18 de novembro), e no seu regulamento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo (BOE núm. 176, do 25 de xullo)
- Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). (DOG núm. 228 de 25 de novembro de 2025).

Con dita finalidade establécese no artigo 1 da citada Ordeo obxecto e finalidade do seguinte xeito: Esta orde ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras, así como a convocatoria para o ano 2026, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia (código de procedemento TR353A), concibidos como programas de formación, práctica profesional e para incentivos á contratación en empresas, respectando os principios de obxectividade, igualdade, transparencia e publicidade.

Os obradoiros duais de emprego configúranse como programas experienciais de emprego e formación que teñen por finalidade mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas de dezaioito ou máis anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de interese xeral e social que posibiliten ao alumnado participante a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, relacionada directamente co devandito traballo, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción laboral no mercado de traballo.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

O artigo 3 establece:

Os proxectos de obradoiros duais de emprego poden ser promovidos polos concellos, mancomunidades de concellos ou entidades públicas dependentes ou vinculadas a un concello, cuxa titularidade corresponda integramente a este.

Poderán concorrer agrupacións de concellos, sempre que todos eles pertencan á mesma provincia, nos seguintes casos:

- Concellos limítrofes que conformen unha área xeograficamente continua.
- Concellos que pertencan todos eles á mesma comarca, aínda que non sexan limítrofes entre si
- Agrupacións de concellos que reúnan os requisitos do punto anterior aos cales se poden unir outros concellos que, non pertencendo á mesma comarca, limiten xeograficamente con algún dos concellos da agrupación que si pertence a ela.

Visto a Memoria valorada redactado ao efecto, baixo a denominación “OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TOURO, BOIMORTO E O PINO”, a realizar conxuntamente entre os concellos de Touro, Boimorto e O Pino.

Polo anteriormente exposto **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Solicitar á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, conxuntamente cos concellos de Boimorto e O Pino, a concesión dunha subvención para a posta en funcionamento do proxecto OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO TOURO – BOIMORTO - O PINO aos efectos do seu financiamento: gastos de contratación de persoal directivo, docente e administrativo; gastos de contratación de alumnado e outros gastos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto, coa seguinte especialidade:

ESPECIALIDADE	CÓDIGO	DURACIÓN (MESES)	Nº ALUMNOS-TRABALLADORES
ACTIVIDADES AUXILIARES EN APROVEITAMENTOS FORESTAIS	AGAR0209	9	20
ACTIVIDADES AUXILIARES EN CONSERVACIÓN E MELLORA DE MONTES	AGAR0309		

SEGUNDO. Aprobar o proxecto conxunto do “Obradoiro dual de emprego Touro-Boimorto-O Pino” que obra no expediente e o borrador do convenio que articula a actuación conxunta, documento que será formalizado e asinado, no seu momento, polos representantes legais dos anteditos Concellos.

TERCEIRO. O Concello de Touro é o concello promotor e titular da subvención para actuar en nome e representación do Concello de Boimorto na realización do proxecto “Obradoiro dual de emprego Touro- Boimorto- O Pino”, nos termos e de conformidade ao disposto no citado borrador de convenio.

CUARTO. Aprobar as actuacións a realizar no Concello de Touro, consistente en:

PARCELA CATASTRAL 15086B513001420000QP :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Realización de cabas do arboredo existente
- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

PARCELA CATASTRAL 15086A517006350000UI :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Realización de cabas do arboredo existente

- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

PARCELA CATASTRAL 15086A517005430000UE :

- Roza e mantemento, tanto manual como mecánico, para evitar incendios
- Acondicionamento e plantación de árbores de especies autóctonas
- Poda de arboredo retirando restos de poda

QUINTO. Declarar a titularidade municipal e a plena dispoñibilidade dos bens para a execución das citadas actuacións.

SEXTO. Comprometerse o Concello de Touro, a aportar a cantidade que lle corresponda que non cubra o proxecto (que non sexa subvencionado pola Consellería) en canto aos gastos de formación e funcionamento para o desenvolvemento do proxecto con cargo aos seus propios fondos e a tal efecto habilitarase importe nos presupostos da entidade polo importe que non cubra o programa.

SÉTIMO. Proceder a ratificación por parte do Pleno da aceptación das competencias delegadas polos Concellos de Boimorto e O Pino ao abeiro do referido na presente Resolución.

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor, aos efectos exclusivos de transcripción ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor.

VOTACIÓNS

Tras a quenda de intervencións procédese á votación da ratificación dos citados decretos, resultando ratificados pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

II PARTE DE CONTROL

2 EXPEDIENTE 2026/G006/000037. DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS ENTRE O 12 DE XANEIRO E O 18 DE FEBREIRO DE 2026. TOMA DE RAZÓN.

ANTECEDENTES

Decretos da Alcaldía ditados entre o 12 de xaneiro e o 18 de febreiro de 2026.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. O Pleno do concello toma coñecemento sucinto dos Decretos da Alcaldía ditados entre o 12 de xaneiro e o 18 de febreiro de 2026.

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Data sinatura
2026/G003/000012	EXPEDIENTE 2026/A008/000001. Subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas públicas e/ou axencias de lectura de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2026. Solicitude de subvención.	11/2026	12-01-2026
2026/G003/000011	EXPEDIENTE 2026/G010/000001. Pleno sesión ordinaria 15 de xaneiro de 2026. Convocatoria.	12/2026	12-01-2026
2026/G003/000013	EXPEDIENTE: 2026/G003/000013. Pago taxas por modelo AU113C- actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía da obra "Proxecto de execución do parque infantil, agility e bikepark no Concello de Touro".	13/2026	13-01-2026
2026/G003/000014	EXPEDIENTE 2026/G007/000001. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 15 de xaneiro de 2026. Convocatoria.	14/2026	14-01-2026



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

2026/G003/000017	EXPEDIENTE 2026/S002/000004. Baixa Servizo Axuda no Fogar	15/2026	15-01-2026
2026/G003/000016	EXPEDIENTE 2026/S002/000003. Baixa Servizo Axuda no Fogar	16/2026	15-01-2026
2026/G003/000015	EXPEDIENTE 2026/S001/000001. Baixa de servizo de Xantar na Casa	17/2026	15-01-2026
2026/G003/000018	EXPEDIENTE 2026/X999/000005. Pagamento IRPF 4ºT-2025.	18/2026	15-01-2026
2026/G003/000020	EXPEDIENTE 2026/C006/000001. Autorización administrativa para a instalación dunha barra de bar durante o festival Ulla Fest de inverno do Concello de Touro. Aprobación expediente de licitación.	19/2026	19-01-2026
2026/G003/000019	EXPEDIENTE 2026/S002/000005. Modificación Servizo Axuda no Fogar	20/2026	19-01-2026
2026/G003/000021	Expediente 2026/A008/000003. Programa de subvencións para realizar actuacións de protección especial sobre o patrimonio cultural público ou de xestión municipal no ano 2026. Solicitud de subvención.	21/2026	20-01-2026
2026/G003/000022	EXPEDIENTE 2025/X999/000087. Esquema Nacional de Seguridad (ENS). Aprobación de la normativa de uso de medios electrónicos del Ayuntamiento de Touro en cumplimiento del Esquema Nacional de Seguridad.	22/2026	21-01-2026
2026/G003/000024	EXPEDIENTE 2026/G003/000024 Horas extraordinarias para incluír na nómina do mes de xaneiro de 2026	23/2026	21-01-2026
2026/G003/000025	EXPEDIENTE 2026/G003/000025. Decreto quilometraxe e dietas para incluír na nómina do mes de xaneiro de 2026	24/2026	22-01-2026
2026/G003/000026	EXPEDIENTE 2026/S002/000006. Modificación Servizo Axuda no Fogar	25/2026	22-01-2026
2026/G003/000023	EXPEDIENTE 2026/G003/000023. Cristina Andújar Garrido. Recoñecemento de produtividade (mes de xaneiro 2026)	26/2026	22-01-2026
2026/G003/000028	EXPEDIENTE 2026/A008/000005. Subvencións para rehabilitar edificacións e vivendas de titularidade municipal con destino ao alugamento social, e se procede a súa convocatoria para o ano 2026, con carácter plurianual (código de procedemento V1422F). Solicitud.	27/2026	23-01-2026
2026/G003/000027	EXPEDIENTE 2026/S010/000001. Solicitud do programa de teleasistencia.	28/2026	23-01-2026
2026/G003/000030	EXPEDIENTE 2026/G007/000002. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 27 de xaneiro de 2026	29/2026	26-01-2026
2026/G003/000031	EXPEDIENTE 2026/G003/000031. Delegación das funcións da alcaldía dende o 27 de xaneiro ao 3 de febreiro de 2026, ambos os dous incluídos.	30/2026	26-01-2026
2026/G003/000032	EXPEDIENTE 2026/X006/000003. Subvención ADL 2021. Reintegro	31/2026	26-01-2026
2026/G003/000040	EXPEDIENTE 2026/S002/000009. Modificación Servizo Axuda no Fogar	32/2026	29-01-2026
2026/G003/000042	EXPEDIENTE 2026/X999/000008. Aprobación nóminas xaneiro 2026.	33/2026	29-01-2026
2026/G003/000041	EXPEDIENTE 2026/S002/000010. Alta Servizo Axuda no Fogar por dependencia	34/2026	29-01-2026
2026/G003/000038	EXPEDIENTE 2026/S002/000007. Alta servizo de axuda no fogar.	35/2026	29-01-2026
2026/G003/000039	EXPEDIENTE 2026/S002/000008. Baixa servizo de axuda no fogar.	36/2026	29-01-2026
2026/G003/000043	EXPEDIENTE 2025/I002/000038. Expediente de reposición da legalidade urbanística por colocación de pináculos na vía pública no lugar de Quintás. Incoación expediente.	37/2026	29-01-2026
2026/G003/000045	EXPEDIENTE 2025/I002/000014. Limpeza de fincas para prevención de incendios forestais no lugar de Murgás, Turces. Referencia Catastral 15086A0340000100010J	38/2026	30-01-2026
2026/G003/000044	EXPEDIENTE 2026/G012/000001. Comisión informativa de asuntos xerais. Sesión extraordinaria urxente do 2 de febreiro de 2026.	39/2026	30-01-2026

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

2026/G003/000046	EXPEDIENTE 2026/G010/000002. Pleno sesión extraordinaria 5 de febreiro de 2026. Convocatoria.	40/2026	02-02-2026
2026/G003/000047	EXPEDIENTE 2026/C006/000001. Autorización administrativa para a instalación dunha barra de bar durante o festival Ulla Fest de inverno do Concello de Touro.	41/2026	04-02-2026
2026/G003/000048	EXPEDIENTE 2026/P001/000001. Reclamación previa administrativa por responsabilidade patrimonial por danos e perxuízos por accidente de circulación na estrada AC-441, no lugar de Moutarón. Incoación expediente.	42/2026	04-02-2026
2026/G003/000051	EXPEDIENTE 2026/G003/000051. Aprobación copagamento servizo de axuda no fogar, mes de xaneiro de 2026.	43/2026	05-02-2026
2026/G003/000049	EXPEDIENTE: 2026/G003/000049. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos, obras incluídas no POS+2026.	44/2026	05-02-2026
2026/G003/000050	EXPEDIENTE 2026/S003/000001. Concesión de praza no Punto de Atención á Infancia.	45/2026	05-02-2026
2026/G003/000053	EXPEDIENTE 2025/E001/000007. Selección de persoal laboral temporal por substitución do operario auxiliar do camión do lixo. Aprobación bases e convocatoria.	46/2026	06-02-2026
2026/G003/000052	EXPEDIENTE 2025/A008/000053. Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ 2026". Resolución sobre a non división en lotes dos investimentos propostos para súa inclusión no Plan único de concellos POS+ 2026.	47/2026	06-02-2026
2026/G003/000054	EXPEDIENTE 2026/G007/000003. Xunta de Goberno Local. Sesión ordinaria do 10 de febreiro de 2026. Convocatoria.	48/2026	09-02-2026
2026/G003/000055	EXPEDIENTE 2026/V006/000002. Solicitud de tarxetas de estacionamento e de accesibilidade para persoas con discapacidade.	49/2026	11-02-2026
2026/G003/000056	EXPEDIENTE 2026/A008/000004. Subvencións para proxectos de creación, mellora e ampliación de servizos básicos en zonas rurais, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da política agrícola común 2023-2027 en Galicia, e se anuncia a convocatoria para o ano 2026, mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR711D). Solicitud	50/2026	13-02-2026
2026/G003/000057	EXPEDIENTE 2026/G003/000057. Pago taxas por autorizacións de obras ou traballos no dominio público hidráulico ou zona de policía de leitos, procedemento AU113A, da obra denominada "Mellora da accesibilidade do campo da festa de Touro"	51/2026	18-02-2026
2026/G003/000058	EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026 (código de procedemento TR353A). Emenda solicitud de subvención.	52/2026	18-02-2026

O Pleno dase por enterado.

3 MOCIÓNS.

3.1. MOCIÓN GRUPO MUNICIPAL BNG PARA RECLAMAR QUE SE GARANTA UN FINANCIAMENTO XUSTO E UN MODELO PÚBLICO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF).

O voceiro do Grupo Municipal do BNG, Sr. Xoan Louzao, procedeu a exposición, explicación e defensa da seguinte Moción:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Servizo de Axuda no Fogar (SAF) é unha ferramenta esencial para garantir unha vida digna ás persoas maiores, dependentes ou con dificultades de autonomía, permitindo que poidan continuar vivindo no seu fogar e na súa contorna, evitando situacións de institucionalización innecesarias e favorecendo a cohesión social.

Porén, este modelo está sendo progresivamente deteriorado pola actuación do Partido Popular na Xunta de Galiza, que optou por un sistema de financiamento insuficiente e desequilibrado, trasladando unha parte importante do custo do servizo aos concellos, que non dispoñen nin das competencias nin dos recursos necesarios para asumir esa carga.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

Na actualidade, os concellos galegos están a soportar unha maioría do gasto do SAF, xa que a achega da Xunta resulta claramente insuficiente. Esta situación vulnera o marco legal vixente en materia de dependencia, que establece a obriga de garantir o financiamento íntegro do servizo entre a Xunta e o Estado.

A Xunta de Galiza mantén, ademais, módulos de financiamento moi afastados da realidade. A Orde do 2 de xuño de 2023 da Xunta fixou o módulo máximo de financiamento do SAF en 12 euros/hora. No caso do concello de Touro esta achega da Xunta non alcanza nin o 50% do custo do servizo que é de 24,53 euros a hora ordinaria e de 26,99€ a hora extraordinaria.

A Xunta asumiu, cando publicou a orde do 2 de xuño, o compromiso de revisar os custes e adaptar á realidade o financiamento. Pero as propostas de incremento presentadas recentemente no seo da FEGAMP, malia seren vendidas como avances, non cobren nin de lonxe o custo real do servizo e obrigan os concellos a continuar asumindo máis da metade do gasto.

A Consellería, tras unha cativa proposta que contemplaba un financiamento máximo de até 16 euros/hora para o ano 2028, que foi rexeitada pola Comisión Executiva da Fegamp en novembro, realizou unha nova oferta de financiamento de 16 euros/hora para o 2026, 17 euros/hora para 2027 e 18 euros/hora para 2028.

Esta proposta foi aceptada pola maioría da Executiva da Fegamp e rexeitada polo BNG por considerala totalmente insuficiente, ao nin tan sequera achegarse a cubrir o custe real do servizo e continuar afofando financieramente aos concellos galegos.

A este infrafinanciamento estrutural súmase, ademais, un problema relevante de xestión dos pagamentos por parte da Xunta de Galiza que afecta aos concellos co servizo concesionado. Mentres os concellos están obrigados a facer fronte mensualmente ás facturas do Servizo de Axuda no Fogar, con prazos de pagamento que non superan os 30 días, a Xunta liquida a súa achega con carácter trimestral e, nalgúns casos, con atrasos de varios meses respecto ao remate do trimestre correspondente.

Este modelo ten consecuencias directas sobre a calidade do servizo e sobre as condicións laborais das traballadoras do SAF, un sector altamente feminizado que sofre precariedade salarial, un convenio colectivo caducado desde hai máis dunha década e a falta de medidas de prevención de riscos adaptadas á súa realidade laboral.

O BNG, consecuente con esta posición, reclama que a Xunta e o Estado abonen aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custos en 2027, até que se asuma o servizo como un instrumento de benestar social, a través da creación dun organismo que permita atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas dependentes a través dun SERGAS para os servizos sociais.

É por todo o exposto con anterioridade, polo que o Grupo Municipal do BNG somete a debate e aprobación polo Pleno deste Concello esta moción, propondo a adopción dos seguintes

ACORDOS

- 1. Reclamar á Xunta de Galiza e ao goberno do estado un incremento progresivo do financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF), até acadar que a Xunta abone aos concellos a cantidade de 17 euros/hora con carácter retroactivo desde xaneiro de 2025, 20 euros/hora neste 2026 e que asuma o 100% dos custes no 2027.*
- 2. Solicitar á Xunta de Galiza que impulse un novo modelo público de coidados, coa creación dun instrumento de benestar social, que substitúa o actual servizo baseado en horas por un modelo integral e personalizado, no que se poña as persoas no centro das políticas sociais, coa creación dun organismo similar ao SERGAS, mais para o servizos sociais, co que poder atender de xeito integral e eficiente a todas as persoas.*
- 3. Dar traslado desta moción á presidencia da Xunta de Galiza, á Consellería de Política Social e Igualdade, ao goberno do estado, á Fegamp, aos grupos parlamentarios do Parlamento de Galiza e aos concellos da comarca, convidándoos a aprobar mocións e iniciativas neste mesmo sentido.*

VOTACIÓNS

Tras a quenda de intervencións procedeuse á votación da Moción, resultando aprobada por maioría absoluta por seis votos a favor (3 concelleiros de Movemento Veciñal, o Concelleiro do BNG, o Concelleiro do PG e o Concelleiro non adscrito), e cinco abstencións dos Concelleiros do PP; sendo once o número legal de membros da Corporación.

4 ROGOS E PREGUNTAS.

O voceiro de Movemento Veciñal, Sr. Roberto Castro pregunta:

1. Sabemos que o Grupo Alternativa dos Veciños levou á Deputación e saíu aprobado o financiamento para a xudicialización do déficit de financiamento do SAF, cóstanos que lle ían remitir comunicación a todos os alcaldes da provincia, a pregunta é se recibiron este convite de Alternativa dos Veciños a posicionarse nese senso e reclamar que a Xunta e o Estado financien ao cento por cento o servizo de axuda no fogar.

O Sr. alcalde di que non recibiron nada, que a min me conste.

O secretario-interventor pode que vía Deputación, do certificado do acordo, que tería que miralo.

O sr. alcalde di que o mirarán e logo tomarán unha decisión.

2. Fai uns meses tomaron a decisión de resolver o contrato coa empresa que gañara a licitación do contrato de redactor de proxectos e dende aquela o que vimos é que os proxectos se presentan tarde, mal e arrastro, que hai unha colección de empresas que redactan proxectos para este Concello. A pregunta é se van continuar con esa dinámica ou van licitar?

O sr. alcalde di que foi un pouco facer da necesidade virtude e pedir de favor facer eses proxectos porque non tiñan ningún tipo de contrato con nos, pero hoxe aprobamos en Xunta de Goberno a licitación dese servizo.

3. A cuestión da recollida do lixo creo que xa transcende todo, fai unhas semanas parece que houbo unhas avarías do camiión, a situación que percibimos todos foi que primeiro se acumulou o lixo e despois foi cando houbo a avaría e parece ser nestes días o mesmo, parece que unha vez que se desborda e non se da recollido aparece o comodín da avaría do camiión, unha percepción miña e dos veciños.

O sr. alcalde di que é unha percepción súa, di que o camiión está dando un montón de problemas, xa llos dou estando vostedes no goberno, o últimos quince, vinte días está dando un problema da centralilla electrónica que xestiona a apertura da caixa e a compactación, tanto é así que teñen que baixarse o condutor e o auxiliar para poder vaciar, hoxe bloqueouse o cambio e veu un camiión alugado para facer a recollida e vai continuar ata que teñamos reparado o noso, non hai outra explicación a este asunto.

O voceiro do BNG, Sr. Louzao realiza tres rogos:

1. Un sobre a carpa do Campo da Feira, ir modificando a suxeición, con contrapesos e non perforando o chan.

2. No campo de fútbol de Calvos caeu unha parte do cerrado, para que se resolva.

3. Na pista que vai de Sar a Millares Grande hai un pino grande que está moi torto, habería que falar co dono e xestionar esta cuestión.

O Sr. alcalde di que están vendo quen é o propietario e falar maña con ela, e tan pronto nos dea permiso cortalo, aproveito para dicir que alí tamén hai un problema de seguridade que trataremos de remediar.

O sr. alcalde di que respecto da carpa, estamos valorando sacar a concurso outra vez este asunto, e plantexaremos ese tema da suxeición.

O sr. alcalde di que respecto do campo de Calvos coñecemos o asunto e nestes días salirá publicado o anuncio de contratación da cuadrilla do PEL e tan pronto dispoñamos de xente acometeremos o asunto.

O voceiro do PG, Sr. Jesús Martínez pregunta:

1. Pola obra da Senda da Toxa, se xa está resolto.



CONCELLO DE TOURO (A CORUÑA)

R.E.L. n.º 01150853 – C.I.F. P-1508600-B – MU 2000/196

O sr. alcalde di que xa están todas as autorizacións.

2. Polo alcantarillado de Abelenda.

O Sr. alcalde di que das fosas sépticas de Abelenda e A Quintá vamos a xestionar unha ampliación de terreos, por suposto vanse a poñer, pero o terreo cedido é moi insuficiente para colocar as fosas, a fosa cabe pero os vertidos, hai que entrar á finca para o mantemento, polo que imos tramitar unha ampliación dos terreos.

Respecto do alcantarillado de Obra di que hai uns problemas serios, estase levantando o cemento do cerquillo das tapas, falei coa empresa contratista para que o revisen, sen estar conectado nada hai unha cantidade de infiltracións na rede tremendas, haberá que estudar e solucionar este asunto. Respecto da canalización e fosa séptica, a finca elixida é practicamente imposible montar alí a fosa séptica, está pendente a autorización de vertidos, hai que meter a consideración do técnico catro pozos filtrantes que xa non caben practicamente na finca, quedaría sen acceso e veremos se así o autorizan. Esperar ao que diga Augas de Galicia, e ver se hai que xestionar a adquisición dunha finca máis grande no entorno. Hai eses problemas que digo e solucionarlos antes de poñelo en funcionamento.

*** As deliberacións correspondentes aos puntos tratados neste Pleno atópanse recollidos no arquivo da acta multimedia gravada e que consta no correspondente expediente electrónico da sesión, publicada na web municipal e dispoñible publicamente na seguinte URL, xunto coa acta en formato pdf:**

<https://www.concellodetouro.com/index.php/gl/concello/plenos/videos>

<https://www.youtube.com/watch?v=XQK7rnAOF9s>

*** As intervencións desta sesión están incorporadas á acta multimedia que consta no expediente electrónico con número 2026/G010/000003 e identificado pola pegada dixital: 1987f786adc0174248df1f611b8dab86d33c530b3066f58e6aefc8be54b71680**

Minutaxe

00.02.16 EXPEDIENTE 2025/A008/000058. Orde do 14 de novembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se convocan para o ano 2026. Ratificación Decreto núm. 459/2025 de 26.12.2025 e Decreto núm. 52/2026 de 18.02.2026.

00.05.45 EXPEDIENTE 2026/G006/000037. Decretos da Alcaldía ditados entre o 12 de xaneiro e o 18 de febreiro de 2026. Toma de razón.

00.05.58 Moción Grupo Municipal BNG para reclamar que se garanta un financiamento xusto e un modelo público do servizo de axuda no fogar (SAF).

00.21.00 Rogos e preguntas.

Non habendo máis asuntos que tratar levante a sesión por orde da Presidencia sendo as 21.31 horas do 24 de febreiro de 2026.

Como secretario-interventor dou fe e estendo esta acta.

Concello de Touro, na data da sinatura dixital

José López González, secretario-interventor

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente